

Os sons do silencio

[Carta ao Director](#)

17 de xuño de 2026

<https://www.nosdiario.gal/opinion/carta-ao-director/os-sons-do-silencio/20260617152209259650.html>

Disque hai tantas castes de silencios como dedos temos nas mans... Silencios que sosteñen e abrazan. Silencios cómplices, en bocas pechadas, nas que non entran moscas e morren as verdades. Sons que conceden e debilitan.

De todos eles, hai un silencio que arrebatou a alma, que maldí. O seu son ameaza como puños, couta o aire que respiras e fire como balas. É un silencio imposto, que castiga as voces e as tapia con paredes.

E así, dun xeito abrupto, irromperon na vida de Ramón, que con sesenta anos cumpridos, apenas sobrevive a ditadura, dando clases en colexios privados na cidade de A Coruña. Son os anos cincuenta e campa o son do silencio dun réxime que oprime voces e esmaga liberdades .

Malia a todo, baixo o pseudónimo de Licenciado Pravio, publica artigos clandestinos na prensa do exilio nas Américas e a súa voz ecoa nas ondas ceibes do Galician Programme da londinense B.B.C.

No ano 1916 ,nesta mesma cidade, fundara As Irmandades da Fala, xunto co seu irmán Antón e outros insignes galeguistas. Pasado xa o ecuador da súa vida, é proposto para membro da Real Academia Galega, que ten como sede provisional e accidentada, o propio Concello Coruñés.

Vilar Ponte recibe presións e ameazas para que desista de presentar o seu discurso de entrada na Academia... en galego. Non se deixa coaccionar e le, valente, o 16 de xuño de 1951, un discurso de ingreso, no que reivindica a memoria do nacionalismo, no idioma do País.

A Academia silencia as súas verbas que nunca publicará, como se adoitaba a facer de a cotío coas dos novos membros e ademais, ten lugar nun espazo máis privado, fóra do rexio Salón de Plenos, alonxado das autoridades políticas e militares.

Tempo despois, no silencio dunha tarde, se cadra luminosa e apacible, sae D. Ramón, do Casino Coruñés cara ao paseo diario polo Orzán.

Un ceo toldado vai cubrindo a luz do día... así o imaxino eu... detrás dos seus pasos, outros pasos danlle alcance. Voces que lapidan o seu nome, como pedras. Berros que o inxurian e maldín Golpes que escachan no seu corpo e que resoan como un tambor de sangue. Puños que estalan

no nariz, nos ollos, que rebentan a boca e baten nos ouvidos como un mazo. Alustros de lume, que nun corpo engruñado, ábrense paso ata esvaecer... logo arrastran o corpo inerte e guíndano ao areal como un guiñapo. Os paseantes que o contemplan, baixan a vista e apuran o paso.

Os ecos das ondas do mar do Orzán, non poden bisbear o seu nome, nin acollelo entre os seus brazos. Despois...o silencio...

Tarda máis de tres meses en repoñerse do castigo e un día de setembro de 1953, falece D. Ramón Vilar Ponte. Os seus leais familiares non se amedrentan diante de posibles represalias e publican en galego a necrolóxica.

Imponse outra volta o son do silencio, ata que vinte e seis anos máis tarde, Teresa e Ramón, devolven de novo a voz ao pai, publicando, do seu peto, aquel discurso amordazado.

Que Galicia bendiga, a quen no País se praxe!